



## PROXECTO *STOLPERSTEINE* A CORUÑA

*Stolpersteine* significa, literalmente, "pedras de tropezo". Un proxecto mundial que homenaxea ás persoas deportadas aos campos de concentración nazis. Son pequenas lousas de bronce de 10x10 cm de dimensión e que se colocan diante das vivendas onde naceron ou viviron os deportados.



## Julio Martínez Arias

r/ Porta de Aires, 11

# 1

Enxeñeiro progresista, incorporouse ao exército da República e exiliouse en Francia cando a guerra chegou ao seu fin. Apresado e levado ao Stalag XII de Wiebelsheim, foi deportado o 15 de maio de 1941 a Mauthausen. Morreu gaseado en Hartheim o 7 de setembro de 1941.

AQUÍ VIVIU  
JULIO  
MARTÍNEZ ARIAS  
NACIDO 1914  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 07.09.1941  
HARTHEIM



## Leopoldo López Criado

r/ Santiago, 15

# 2

Veciño do Campo da Leña. Foi capturado polos alemáns en Francia e levado á prisión de Wiebelsheim. Foi trasladado a Mauthausen e en Gusen foi asasinado o 3 de novembro de 1941.

AQUÍ VIVIU  
LEOPOLDO  
LÓPEZ CRIADO  
NACIDO 1905  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 03.11.1941  
GUSEN



## Luíis Rafeles Lamarca

r/ Varela Silvari, 4

# 3

Naceu na cidade da Coruña. Exíliase e é deportado a Mauthausen dende a prisión de Frankenthal o 24 de maio de 1941. Foi asasinado na cámara de gas en Hartheim, so cinco meses despois, o 9 de setembro de 1941.

AQUÍ VIVIU  
LUÍS  
RAFALES LAMARCA  
NACIDO 1917  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 09.09.1941  
HARTHEIM

## Eduardo Sánchez García

Campo de Artillería, 12

# 4

Nado no Campo de Artillería. Apresado polas tropas alemáns, foi levado prisioneiro a Moosburg. O 31 de agosto de 1941 ingresa en Mauthausen e destináronno ao subcampo de Vöcklabruk. Conseguiu sobrevivir ata a liberación.

AQUÍ NACEU  
EDUARDO  
SÁNCHEZ GARCÍA  
NACIDO 1917  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
LIBERADO 05.05.1945

## Adrián del Castillo

r/ San Andrés, 169

# 5

Nado na coruñesa rúa de San Andrés, foi capturado e levado á prisión de Trier. O 25 de xaneiro de 1941 ingresa en Mauthausen. Tras ser enviado ó subcampo de Gusen, gaseárono en Hartheim o 24 de setembro de 1941.

AQUÍ VIVIU  
ADRIÁN  
DEL CASTILLO  
NACIDO 1906  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 29.09.1941  
HARTHEIM

## Arturo García Lagares

r/ San Andrés, 38

# 6

Naceu na cidade da Coruña o 25 de marzo de 1895. Foi capturado e levado prisioneiro a Trier. O 25 de xaneiro de 1941 ingresou en Mauthausen e pouco despois trasladárono ao subcampo de Gusen, onde o asasinaron o 12 de xullo de 1941.

AQUÍ NACEU  
ARTURO  
GARCÍA LAGARES  
NACIDO 1895  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 12.07.1941  
HARTHEIM

## Juan González del Valle

r/ Padre Feijóo, 3

# 7

Naceu na cidade da Coruña en outubro de 1898. Despois de se exiliar en Francia foi feito prisioneiro en Angulema, ingresando en Mauthausen o 24 de agosto de 1940. Traslado ao subcampo de Gusen, foi gaseado o 26 de setembro de 1941 en Hartheim.

AQUÍ NACEU  
ARTURO  
GARCÍA LAGARES  
NACIDO 1895  
EXILIADO FRANCIA  
DEPORTADO 1941  
MAUTHAUSEN  
ASASINADO 12.07.1941  
HARTHEIM

*Na actualidade hai máis de 10000 placas repartidas en 500 cidades de máis de 20 países. A cidade da Coruña vén de sumarse no ano 2023 a esta iniciativa en recoñecemento dos seus veciños mortos pola barbarie nazi. A día de hoxe están colocados 7 dun total de 17 stolpersteine de deportados coruñeses na nosa cidade.*